



¿REPASAMOS UN POUCO? 😊

Os **substantivos** son palabras que designan seres, obxectos, ideas ou sentimentos.

Poden ser comúns ou propios:

Comúns: nomean calquera persoa, animal ou cousa. Por exemplo: *nena, cadela e cidade*.

Propios: nomean unha persoa, animal ou cousa en concreto. Por exemplo: *Nuria, Cora e Vigo*.

➤ **Le as oracións e clasifica os substantivos en comúns e propios.**

- No baúl da avoa atopei un mapa de Monforte moi antigo.
- Andrea vai a Ourense todos os meses.
- O meu primo Martín leunos un libro.
- Iván e Sara viven nunha vila pequena.

Comúns	_____	_____
	_____	_____
	_____	_____
Propios	_____	_____
	_____	_____
	_____	_____

➤ **Escrebe cinco substantivos comúns e cinco propios.**

Substantivos comúns	Substantivos propios
---------------------	----------------------
